

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Anuncio de aprobación das bases do premio do I Concurso de Poesía Filomena Dato Concello de Bergondo

ANUNCIO DE APROBACIÓN DAS BASES DO PREMIO DO I CONCURSO DE POESÍA FILOMENA DATO CONCELLO DE BERGONDO

Por esta Alcaldía ditouse a resolución da Alcaldía núm. 39/2020, do 14 de xaneiro de 2020, aprobando as bases do premio do I concurso de poesía Filomena Dato do Concello de Bergondo, que transcritas literalmente din:

“I Concurso de Poesía Filomena Dato Concello de Bergondo

1. O Concello de Bergondo convoca a primeira edición do Premio de Poesía Filomena Dato Concello de Bergondo.
2. Poderán optar ao premio todas as autoras e autores maiores de idade, de calquera nacionalidade, sempre que o orixinal que presenten estea escrito en lingua galega.
3. Fíxase un premio único de 2.000,00 € (sobre esta contía aplicaranse a oportunas retencións).
4. Os traballos cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. As autoras e autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.

Os traballos presentaranse por cuadruplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e paxinación numerada. Cada copia dos traballos presentarase cunha capa na que figure o título da obra e o lema ou alcume da autora ou autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra. A plica conterá no interior o nome e apelidos da autora/autor, número do DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.
5. As obras presentaranse na Casa da Cultura do Concello de Bergondo (oficinas administrativas) Estrada Coruña, 12, 15165 Bergondo (A Coruña).
6. O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o 1 de abril de 2020.
7. As deliberacións do xurado son secretas. A súa decisión faráse pública no mes de maio e o acto de entrega do premio terá lugar antes do día 31 de maio de 2020, acto no que se contará coa presenza da autora ou autor. O xurado pode declarar deserto o premio.
8. O xurado estará presidido pola alcaldesa do Concello de Bergondo, ou persoa na que delegue, e estará formado por outras tres membros, cuxa identidade será revelada o día do fallo do galardón.
9. O orixinal gañador xunto co nome e apelidos da autora ou autor darase a coñecer aos medios despois do fallo.
10. A obra premiada será propiedade da súa autora ou autor, agás a primeira edición que publicará o selo editorial Apiario, e presentarase coincidindo co fallo do ano seguinte. En posteriores edicións farase constar a condición de premiada no I Premio de Poesía Filomena Dato Concello de Bergondo.
11. Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases.
12. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.
13. Toda a información relativa a este concurso publicarase na web municipal: bergondo.gal.”

En Bergondo, 15 de xaneiro de 2020.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez